




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Recibido un escrito de 13 de xuño de 2003 do Ilmo. Sr. director da Escola Politécnica Superior, no que solicita que o prazo da segunda convocatoria ordinaria de exames do curso 2003-04 nesta escola remate o 21 de setembro de 2004, dado o grande número de exames que é preciso fixar coa implantación das novas titulacións e a persistencia de exames dos planos vellos; e tendo en conta o apartado 7 do acordo do Consello de Goberno de 19 de febreiro de 2003 sobre Calendario Académico do curso 2003-04,

ESTA SECRETARÍA XERAL ten por comunicada a adaptación sinalada no Calendario Académico 2003-04 na Escola Politécnica Superior, e infórmaa favorablemente por ter carácter excepcional e estar motivada polo beneficio ós alumnos do centro.

A devandita modificación non altera o prazo de entrega de actas sinalado no citado acordo de Calendario Académico.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2003.

O SECRETARIO XERAL

Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

SR. XEFE DE SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA
Pavillón Estudiantil
Campus Sur